



Guía Docente				
Datos Identificativos				2014/15
Asignatura (*)	Recursos bibliográficos e xéneros científicos		Código	613836005
Titulación				
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Mestrado Oficial	1º cuatrimestre	Primeiro	Obrigatoria	3
Idioma	Galego			
Prerrequisitos				
Departamento	Galego-Portugués, Francés e Lingüística			
Coordinación	López Viñas, Xoán	Correo electrónico	xoan.lopezv@udc.es	
Profesorado	López Viñas, Xoán	Correo electrónico	xoan.lopezv@udc.es	
Web				
Descrición xeral	<p>Os obxectivos da materia serán os seguintes:</p> <ol style="list-style-type: none"> Tomar conciencia da relevancia que ten o dominio da lectura e da escrita académica no ámbito universitario. Adquirir competencias para a xestión dos recursos lingüísticos e a información lingüística para propósitos académicos e de investigación, o cal implica: <ol style="list-style-type: none"> Coñecer as fontes relevantes de información bibliográfica e saber acceder a elas. Saber utilizar adecuadamente os recursos e equipamentos. Dominar a tecnoloxía para rexistrar datos. Familiarizarse co manexo de fontes documentais. Coñecer os xéneros científicos habituais no ámbito da lingüística. Adquirir competencias para planificar, desenvolver e redactar traballos de investigación lingüística. 			

Competencias da titulación	
Código	Competencias da titulación

Resultados da aprendizaxe		
Competencias de materia (Resultados de aprendizaxe)	Competencias da titulación	
Capacidade para xestionar os recursos lingüísticos e a información lingüística para propósitos académicos e de investigación (identificación e acceso a bibliografía, utilización apropiada de recursos e equipamentos, utilización de tecnoloxía para rexistrar datos, manexo de bases de datos, etc.)	AI9	
Posuír e comprender coñecementos que acheguen unha base ou oportunidade de ser orixinais no desenvolvemento e/ou aplicación de ideas, a miúdo nun contexto de investigación.		BI1
Que os estudantes saiban aplicar os coñecementos adquiridos e a súa capacidade de resolución de problemas en ámbitos novos ou pouco coñecidos dentro de contextos máis amplos (ou multidisciplinares) relacionados coa súa área de estudo.		BI2
Que os estudantes sexan capaces de integrar coñecementos e enfrontarse á complexidade de formular xuízos a partir dunha información que, sendo incompleta ou limitada, inclúa reflexións sobre as responsabilidades sociais e éticas vinculadas á aplicación dos seus coñecementos e xuízos.		BI3
Que os estudantes saiban comunicar as súas conclusións -e os coñecementos e razóns últimas que as sustentan- a públicos especializados e non especializados dun modo claro e sen ambigüidades.		BI4
Que os estudantes posúan as habilidades de aprendizaxe que lles permitan continuar estudando dun modo que haberá de ser en boa medida autodirixido ou autónomo.		BI5
Capacitación dos estudantes para que adquiran coñecementos lingüísticos especializados e habilidades para analizar criticamente as propostas máis relevantes no ámbito dos estudos lingüísticos.		BI6
Adquisición dos fundamentos metodolóxicos e críticos que permitan aos estudantes acceder ao exercicio da actividade profesional cunha formación versátil e interdisciplinar.		BI7
Capacidade dos estudantes no manexo das novas tecnoloxías da información e da comunicación aplicadas ao campo dos estudos lingüísticos, así como indicar a súa utilidade na práctica profesional e investigadora.		BI8



Capacidade dos estudantes para abrir vías de investigación novidasas no ámbito dos estudos lingüísticos, dotándoas de aplicación práctica para a súa transferencia a distintos ámbitos profesionais		BI9	
Expresión correcta, tanto de forma oral coma escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma.			CM1
Dominio da expresión e a comprensión oral e escrita dun idioma estranxeiro.			CM2
Utilización das ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da súa vida.			CM3
Asunción, como profesional e como cidadán/a, da importancia da aprendizaxe ao longo da vida.			CM7
Valoración da importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade.			CM8

Contidos	
Temas	Subtemas
1. O TEXTO ACADÉMICO-CIENTÍFICO	1.1. A lectura e a escrita académicas no ámbito universitario 1.2. Características xerais dos textos académico-científicos 1.3. Os xéneros científicos
2. FONTES DOCUMENTAIS NO ÁMBITO ACADÉMICO-CIENTÍFICO	2.1. Tipoloxía de fontes documentais 2.2. Recursos bibliográficos en liña 2.2.1. Catálogos bibliotecarios 2.2.2. Bases de datos bibliográficas 2.2.3. Repositorios textuais 2.3. Contido e organización das principais bases de datos de lingüística e linguas 2.4. Creación e xestión de bases de datos persoais 2.4.1. Manexo dos xestores bibliográficos para a importación e xestión de contidos 2.5. Sindicación de contidos
3. PLANIFICACIÓN DO TRABALLO CIENTÍFICO: SELECCIÓN, ORGANIZACIÓN E PRESENTACIÓN DA INFORMACIÓN	3.1. Preescrita: o deseño do traballo 3.2. Escrita: a redacción do traballo 3.3. Postescrita: a avaliación e a corrección lingüística

Planificación			
Metodoloxías / probas	Horas presenciais	Horas non presenciais / traballo autónomo	Horas totais
Sesión maxistral	10	0	10
Resumo	0	25	25
Seminario	5	0	5
Solución de problemas	0	12	12
Traballos tutelados	0	20	20
Atención personalizada	3	0	3

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Sesión maxistral	O curso desenvolverase a través das aulas presenciais e do traballo persoal autónomo dos estudantes en horas non presenciais (estudo do temario a través das lecturas obrigatorias, preparación dos exercicios de aplicación, elaboración de dous resumos e elaboración dun traballo tutelado). O curso iniciarase cunha sesión presencial na que o profesor describirá os contidos, a planificación, a metodoloxía docente e o sistema de avaliación da materia e resolverá todas as dúbidas que lle formulen os estudantes en relación con estas cuestións. Os temas do programa desenvolveranse a partir da exposición básica dos contidos e da presentación de recursos polo profesor en SESIÓNS MAXISTRAIS.



Resumo	Elaboraranse dous RESUMOS da lectura de dous artigos ou capítulos de monografía propostos polo profesor.
Seminario	As sesións maxistras complementaranse con outras (SEMINARIOS) que servirán para que os/as estudantes poidan presentar os resultados do seu labor nas ACTIVIDADES de aplicación a situacións concretas e de adquisición de habilidades básicas e procedementais relacionadas coa materia obxecto de estudo. Algunhas destas PRÁCTICAS desenvolveranse con equipamento especializado na aula informatizada.
Solución de problemas	Como complemento das súas explicacións (nas SESIÓNS MAXISTRAS e nos SEMINARIOS) o profesor tamén fará propostas de actividades de aplicación (PRÁCTICAS) que os/as estudantes deberán realizar en horas non presenciais.
Traballos tutelados	O/A estudante elaborará un TRABALLO TUTELADO, para o cal se ofrecerán varias opcións e as directrices pertinentes.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Solución de problemas	As titorías en grupo reducido utilizaranse para promover a discusión verbo de cuestións que poidan resultar problemáticas ou para aclarar conceptos en cuxa comprensión os/as estudantes encontrasen algunha dificultade.
Resumo	Así mesmo, o profesor orientará o traballo autónomo dos/as estudantes na preparación das actividades e das prácticas e na elaboración do traballo tutelado.
Traballos tutelados	
Seminario	

Avaliación

Metodoloxías	Descrición	Cualificación
Solución de problemas	Léanse as "Observacións".	30
Resumo	Léanse as "Observacións".	20
Traballos tutelados	Léanse as "Observacións".	40
Sesión maxistral	Léanse as "Observacións".	5
Seminario	Léanse as "Observacións".	5

Observacións avaliación

<p>1. A CUALIFICACIÓN FINAL na 1.^a OPORTUNIDADE terá o seguinte reparto porcentual:1.1. Un 40% obterase pola realización dun TRABALLO TUTELADO.1.2. Un 20% corresponderá á elaboración de dous RESUMOS da lectura de dous artigos ou capítulos de monografía propostos polo profesor.1.3. Un 30% obterase a través da realización de EXERCICIOS DE APLICACIÓN preparados en horas non presenciais (= "SOLUCIÓN DE PROBLEMAS").1.4. Un 10% responderá á ASISTENCIA, PARTICIPACIÓN E DESEMPEÑO do/da estudante ao longo do curso (nas SESIÓNS MAXISTRAS e nos SEMINARIOS).&nbsp;&nbsp;&nbsp;Observaranse o seu aproveitamento e evolución, mais tamén -e moi especialmente- a súa dinámica na aula, a forma de argumentar, a colaboración cos compañeiros e todos aqueles elementos que teñan que ver coa aprendizaxe colaborativa y o traballo en grupo.Aos estudantes que teñan DISPENSA ACADÉMICA RECOÑECIDA integraráselles a cualificación deste apartado na nota do traballo tutelado (que, deste xeito, equivalerá ao 50% da cualificación final).</p> <p>2. A CUALIFICACIÓN FINAL na 2.^a OPORTUNIDADE rexerese polas seguintes normas:2.1. Se na avaliación dalgún dos tres tipos de tarefas realizadas no curso (traballo tutelado, resumos e exercicios de aplicación) non se alcanzou o nivel de aprobado, deberán reelaborarse para seren cualificadas de novo coas mesmas porcentaxes que na primeira oportunidade.2.2. As tarefas que teñan acadado o nivel de aprobado na 1.^a oportunidade tamén poderán reelaborarse, se así o decide o estudante. En caso contrario, nesta 2.^a oportunidade manterase a cualificación que obtiveron na 1.^a.2.3. As tarefas que non se teñan presentado na 1.^a oportunidade deberán elaborarse para seren avaliadas nesta 2.^a oportunidade coa mesma porcentaxe de calificación final que se lles asigna na 1.^a.2.4.</p> <p>Na avaliación da 2.^a oportunidade tamén se terá en conta a cualificación obtida na 1.^a por asistencia, participación e desempeño, que corresponde ao 10% da cualificación final. Aos estudantes que non teñen cualificación neste apartado por ausencias ou por dispensa académica, o 10% correspondente integraráselles na nota do traballo tutelado (que, desta maneira, equivalerá ao 50% da cualificación final).</p> <p>3. CUALIFICACIÓN DE NON PRESENTADO:3.1. Recibirán a calificación de NON PRESENTADO (NP) os estudantes que non presenten o traballo tutelado ou non realicen de forma completa algún dos outros dous grupos de tarefas (resumo e/ou exercicios de aplicación) e teñan acadado o nivel de aprobado nas restantes.</p>
--



Fontes de información

Bibliografía básica

Bibliografía complementaria

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Observacións

RECOMENDACIÓNS PARA O ESTUDO DA MATERIA:1. Convén posuír un nivel medio de comprensión do inglés, xa que os materiais de consulta recomendados poden incluír textos escritos nese idioma.2. Cómpre ter experiencia de navegación pola Internet e coñecemento dalgún catálogo bibliotecario.OBSERVACIÓNS:1. O plaxio total ou parcial é inadmisíbel e contrario aos obxectivos perseguidos. Pode levar consigo a perda de máis puntuación que o valor da actividade afectada, e mesmo o suspenso na materia.2. A expresión oral e escrita do/a estudante debe ser correcta e adecuada ao seu nivel académico; de non selo, poderá reflectirse na puntuación referida.3. A materia tamén será impartida na Universidade de Santiago (código P5211105) polo profesor Francisco García Gondar (e-mail: francisco.garcia@usc.es) e na Universidade de Vigo (código V01M126V01105) polo profesor Benigno Fernández Salgado (bfsalgado@gmail.com).

(*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías